

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 7 DE MAIO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DO MAR

- Proxecto de Lei de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea a Valeriano Martínez García como secretario xeral da Presidencia
- Decreto polo que se nomea a Álvaro Pérez López como director xeral do Gabinete da Presidencia
- Decreto polo que se nomea a Jaime Bouzada Romero como director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se nomea a Ethel M^a Vázquez Mourelle como presidenta do organismo autónomo de Augas de Galicia
- Decreto polo que se nomea a Ethel M^a Vázquez Mourelle como presidenta do Consello de Administración da Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos

- Decreto polo que se nomea a Manuel Borobio Sanchiz como director xeral de Sostibilidade e Paisaxe
- Decreto polo que se nomea a Miguel Rodríguez Bugarín como director xeral de Mobilidade
- Decreto polo que se nomea a María Encarnación Rivas Díaz como secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada PO-181-Souto de Vea-PO-841, desde o P.Q. 0+930, a prol do concello da Estrada
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada AC-841. Treito: O Castiñeiriño-Os Tilos, clave AC/06/152.06

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón que cese Salustiano Mato de la Iglesia como director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria
- Decreto polo que se dispón que cese Ana María Rúa Souto como directora xeral de Comercio da Consellería de Innovación e Industria
- Decreto polo que se dispón que cese María Helena Veiguela Martínez como directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información da Consellería de Innovación e Industria
- Decreto polo que se nomea a Ricardo Capilla Pueyo como director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación
- Decreto polo que se nomea a María Nava Castro Domínguez como directora xeral de Comercio

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

- Decreto polo que se nomea a José Alberto Díez de Castro como secretario xeral de Universidades
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se nomea a María Nieves Domínguez González como directora de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se dispón que cese Miguel Ángel Martín Fernández como director da Axencia Galega de Industrias Culturais
- Decreto polo que se nomea a M^a Carmen Pardo López como secretaria xeral para o Turismo
- Decreto polo que se nomea a José Manuel Rey Pichel como director xeral do Patrimonio Cultural

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se nomea a Ana María Díaz López como directora xeral de Formación e Colocación

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se establece o procedemento para a regularización de superficies de viñedo na Comunidade Autónoma de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se nomean os membros do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado das bases reguladoras e da convocatoria das bolsas de formación en materia de patrimonio moble galego, correspondentes ao programa 2009-2010
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado das bases reguladoras e da convocatoria das bolsas de formación en materia de arquivos, correspondente ao programa 2009-2010

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Turismo e o concello de Melón, para a realización das obras de consolidación do Mosteiro de Melón (Melón- Ourense)

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe económico-financieiro sobre os Orzamentos de 2009 da Xunta de Galicia

O CONSELLO DA XUNTA SUSPENDE A ENTRADA EN VIGOR DA LEI DE PESCA PARA CONSENSUAR UN NOVO TEXTO CO SECTOR

- *Esta decisión supón o cumprimento do compromiso electoral de retirar a Lei nos primeiros 100 días de Goberno e elaborar unha nova norma que atenda as principais reclamacións do sector pesqueiro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación da Lei de pesca de Galicia para aprazar a súa entrada en vigor, prevista para o vindeiro 16 de xuño, e anular os seus efectos derogatorios sobre outras normas anteriores.

Esta decisión do Goberno galego supón o cumprimento do compromiso electoral de retirar a Lei nos primeiros 100 días de Goberno co obxectivo de consensuar co sector unha nova norma que atenda as súas principais reclamacións.

Tras esta decisión, conservan a súa vixencia a Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia; a Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia; a Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia; a Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia; e a Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo- pesqueira.

A modificación aprobada hoxe polo Consello da Xunta permite á Consellería do Mar iniciar o proceso de elaboración dun novo anteproxecto contando coas achegas do sector.

PRESIDENCIA DA XUNTA

SECRETARIO XERAL

Valeriano Martínez García

Nacido en Aldán (Cangas) en 1961, é licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela (1979-1984) e diplomado en Xestión Xerencial Hospitalaria pola Escola de Alta Dirección e Administración (1993-1994).

Desde maio de 1985, é funcionario da comunidade galega. Exerceu de subdirector xeral na Dirección de Recursos Humanos do SERGAS entre os anos 1992 e 1996 e como director xeral da División de Recursos Humanos entre 1996 e 2003.

Entre 2003 e 2005 ocupou o cargo de director xeral de Transportes, e de 2006 a 2009, foi auditor do Consello de Contas de Galicia.

DIRECTOR XERAL DO GABINETE

Álvaro Pérez López

Naceu na Coruña en 1973. É licenciado en Dereito e diplomado en Empresariais pola Universidade Pontificia de Coeillas (ICADE), e Míster en Dereito Comunitario pola Universidade Libre de Bruxelas.

En 1998 realizou prácticas na oficina da Fundación Galicia-Europa en Bruxelas. Desde 1999 a 2003 traballou como asesor técnico da Consellería de Medio Ambiente, primeiramente na Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e posteriormente no organismo autónomo Augas de Galicia.

Entre 2000 e 2002 foi profesor de Dereito Ambiental na Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela.

Desde 2003 a 2005 traballou como asesor para asuntos parlamentarios no Gabinete do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Actualmente é colaborador do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECTOR XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA

Jaime Bouzada Romero

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) en xullo de 1944. Está casado e ten dous fillos.

É licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, e en Xeografía e Historia pola Universidade Central de Barcelona (cursos 1976-1977 a 1980-1981). Funcionario de carreira do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia (Grupo A)

A súa carreira profesional estivo vinculada durante varias etapas á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde.

Do 1991-1992 traballou como subdirector xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, onde tamén exerceu de inspector xeral de Servizos.

Desde maio de 2007 ata a actualidade foi xefe do Servizo Técnico Xurídico da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.

A XUNTA ABRE A POSIBILIDADE DE QUE OS FUNCIONARIOS POIDAN PROMOCIONARSE CARA OUTROS CORPOS OU ESCALAS

- *Trátase dunha vella reivindicación sindical, negociada con todas as organizacións na Mesa do Emprego Público*

O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou, a proposta da conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, a modificación do Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

O cambio afecta aos apartados 2 e 3 do artigo 6 e ten como finalidade abrir a posibilidade para os funcionarios de escalas e corpos de Administración xeral da Xunta, que reúnan os requisitos de acceso por promoción interna, de promocionarse cara outros corpos ou escalas distintos dos que están en activo, así como para os funcionarios do corpo auxiliar que, aínda que carezan da titulación esixida para a pertenza ao grupo C1, acrediten unha antigüidade mínima de 10 anos no grupo C2.

Trátase dunha vella reivindicación sindical, que foi negociada con todas as organizacións sindicais e se acadou no ámbito da Mesa do Emprego Público.

Con esta modificación acadarase unha maior polivalencia nos postos de traballo e tamén se abre a posibilidade de que calquera funcionario, de corpo xeral ou de escala, poida por promoción interna acceder ao grupo inmediatamente superior.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

PRESIDENTA DO ORGANISMO AUTÓNOMO DE AUGAS DE GALICIA

PRESIDENTA DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Naceu en 1972. Enxeñeira Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos (1991-1996) pola Universidade da Coruña.

-2005, agosto/ actualidade: Xefa da Área Técnica da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

-2003, xaneiro/ 2005, agosto: Xefa de Gabinete do director xeral do Organismo Autónomo Augas de Galicia e do presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH)

-2001, xullo/ 2003, febreiro: NORCONTROL, S.A.

-2000, xaneiro/ 2001, xullo: CIESA, Consultora de Ingeniería y Empresa

-1996, outubro/ 2000, xaneiro: TRANOR, S.L., Tratamientos del Norte

DIRECTOR XERAL DE SOSTIBILIDADE E PAISAXE

Manuel Borobio Sanchiz

Naceu en 1971 en Zaragoza. Arquitecto con especialidade en Urbanismo pola Universidade de Navarra. Especialista en cooperación para o desenvolvemento de asentamentos humanos no terceiro mundo pola Universidade Politécnica de Madrid. Técnico urbanista do Instituto Nacional de la Administración Pública e experto en SIG Medioambiental.

Ata a actualidade, conselleiro técnico do Concello da Coruña, na área de Urbanismo. Profesor asociado no departamento de Urbanismo da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña. Socio fundador de Abtemas S.L., taller de estudos territoriais e ambientais para a investigación e o desenvolvemento.

DIRECTOR XERAL DE MOBILIDADE

Miguel Rodríguez Bugarín

Nacido en Vilagarcía de Arousa en 1962, é enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos pola Universidade de Cantabria (1991). Nesa Universidade tamén alcanza o grao de doutor cunha tese sobre a mellora do deseño de desvíos de Alta Velocidade, cualificada como *cum laude*.

Foi Profesor Titular de Universidade na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña (1995). Desde o ano 2003, é catedrático da Área de Enxeñería e Infraestrutura dos Transportes, desenvolvendo o seu labor docente e investigador no ámbito do transporte e a mobilidade. Tamén desempeñou diversos cargos relacionados coa xestión universitaria, entre os que destaca a Dirección da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña (1999–2002).

No que se refire á súa actividade investigadora, foi investigador principal de diversos proxectos competitivos e contratos de investigación que analizaban cuestións relacionadas coas infraestruturas e os servizos de transporte. Tamén realizou labores de asesoramento técnico e desenvolvemento para diversas administracións públicas, organismos e empresas.

O profesor Rodríguez Bugarín foi membro do Comité ProMain Task T1 – *Cost-effective Track Systems* (2000) e é avaliador de proxectos para diversas axencias nacionais de acreditación e certificación. É autor ou coautor de máis de medio cento de publicacións (libros, artigos, informes técnicos de investigación, etc), así como dunha patente. Participou en numerosos congresos nacionais e internacionais, e tamén organizou foros e encontros técnicos sobre transportes, o último dos cales foi o Congreso de Enxeñería do Transporte, celebrado o ano pasado na Coruña.

Recibiu a medalla do XX Congreso Panamericano de Ferrocarriles (2000) e a do mérito colexial da Demarcación de Galicia do Colexio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos. É membro do Foro de Ingeniería de los Transportes, da Comisión de Transportes do Colexio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos e socio fundador do Foro de Infraestructuras y Servicios.

SECRETARIA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

María Encarnación Rivas Díaz

Naceu en 1962 en Monforte de Lemos (Lugo). É arquitecta pola Escola Superior de Arquitectura de A Coruña. Cursou tres cursos superiores de Técnico de Urbanismo. Funcionaria de carreira do Concello de Pontevedra. Diploma de Directivo da Xunta de Galicia.

-Desde xaneiro de 2008: Asesora urbanística da Deputación Provincial de Pontevedra

-Año 2007: Xefa de Servizo da Oficina Técnica de Disciplina Urbanística do Concello de Pontevedra.

-Xullo 2004- decembro 2006: Xerente municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo, xestionando o desenvolvemento urbanístico do PXOM aprobado en febreiro de 2003.

-Maio 2000- xuño 2004: Funcionaria de carreira do Concello de Pontevedra. Asignada como Xefa de Servizo á Oficina Técnica de Disciplina Urbanística.

-Outubro 1999- maio 2000: Arquitecta da delegación da Consellería de Economía e Facenda en Pontevedra.

-Agosto 1995- setembro 1999: Arquitecta da delegación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en Pontevedra.

-Agosto 1992- decembro 1993: Arquitecta do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

-Xullo 1989- decembro 1991: Directora da Escola Taller do Concello de Baiona.

A XUNTA TRANSFÍRELLE AO CONCELLO DA ESTRADA A TRAVESÍA DE SOUTO DE VEA

O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou o decreto polo que se cambia a titularidade do vial que enlaza o núcleo de Souto de Vea coa vía A Estrada– Santiago (PO 841).

Trátase dun treito autonómico de aproximadamente un quilómetro que ten un marcado carácter urbano, polo que, seguindo o establecido pola Lei de estradas, a Xunta de Galicia transfíreo ao Concello da Estrada.

O treito discorre integramente polo núcleo de poboación de Souto de Vea, no municipio estradense, e ten beirarrúas e alumeado público.

A entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do Decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

Corresponderanlle ao Concello da Estrada, a partir da transferencia, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria.

A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE 2 MILLÓNS DE EUROS EN MELLORAR A SEGURIDADE VIAL DA ESTRADA ENTRE O CASTIÑEIRIÑO E OS TILOS

- *A obra xustifícase polo intenso tráfico que presenta esta estrada e a súa elevada sinistralidade*
- *O tramo obxecto da actuación ten unha lonxitude de 1,4 quilómetros*
- *A mellora consistirá esencialmente no ensanche da plataforma para crear carrís centrais de saída e incorporación, e carrís laterais de aceleración e desaceleración, co obxecto de acondicionar as interseccións*
- *Beneficiará a unha poboación aproximada de 112.000 habitantes de Santiago de Compostela e Os Tilos, que son os que habitualmente utilizan esta estrada.*
- *As obras comezarán no primeiro trimestre de 2010 e estarán rematadas a finais dese ano*

O Consello da Xunta aprobou a declaración de utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada AC-841, no treito entre O Castiñeiriño e Os Tilos.

O tramo obxecto da actuación ten unha lonxitude de 1,4 quilómetros. A mellora consistirá esencialmente no ensanche da plataforma para crear carrís centrais de saída e incorporación, e carrís laterais de aceleración e desaceleración, co obxecto de acondicionar as interseccións.

Por outra banda crearanse glorietas e acometerase a mellora da drenaxe lonxitudinal, así como das instalacións urbanas, especialmente o alumeado, a sinalización, balizamento e defensas.

A obra, na que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Obras Públicas investirá 2 millóns de euros, beneficiará a unha poboación aproximada de 112.000 habitantes de Santiago de Compostela e Os Tilos, que son os que habitualmente utilizan esta estrada.

O investimento xustifícase pola elevada sinistralidade que presenta este tramo, polo intensísimo tráfico que soporta e polo crecemento da poboación experimentado na zona nos últimos anos.

Os carrís terán 3,5 metros por cada sentido da circulación, con beiravías de 1,50 metros e bermas de 0,50 metros. As beirarrúas terán dous metros de ancho, e a zona de aparcadoiro 2,50.

O levantamento de actas previas realizarase ao longo do segundo semestre de 2009. As obras comezarán no primeiro trimestre de 2010 e estarán rematadas a finais dese ano.

Está previsto que a execución das obras supoña 17 toneladas de escavación e 10 toneladas de terraplén. O proxecto contempla un total de 14 interseccións e unha glorieta, drenaxe lonxitudinal e transversal, sinalización e balizamento.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

DIRECTOR XERAL DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN

Ricardo Capilla Pueyo

Ten 43 anos, é enxeñeiro de Telecomunicacións pola Escuela Superior de Ingenieros de Telecomunicaciones de Madrid (Universidad Politécnica de Madrid), e conta cun Máster de Desarrollo de Directivos do ISSE (Madrid), ademais dunha gran formación complementaria.

Desde 2003 e ata a actualidade ocupa o cargo de director xeral do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. Anteriormente, entre 2000 e 2003 foi director de Innovación e Tecnoloxía do Grupo PRISA, e Business Engagement Manager de Sun Microsystems Ibérica (1999-2000). Entre 1989 e 1999 traballou en Hewlett-Packard Española exercendo diferentes responsabilidades.

DIRECTORA XERAL DE COMERCIO

M^a Nava Castro Domínguez

Licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidad Complutense de Madrid, conta con diversos Máster sobre Estudos Turísticos (IUSC. Centro de Estudios Superiores); Emigración e Retorno (Universidade de Vigo), en Axentes de Desenvolvemento Económico e Xestión de Programas (Universidade de Vigo), en Xestión e Dirección de Pemes (Universidade de Vigo), e en Intervención e Xestión de Servizos Sociais (Universidade da Coruña- Fundación Española de Estudos Sociais).

-Desde 2003 é concelleira de Servizos Sociais e tenente de alcalde do Concello de Ponteareas (Pontevedra), onde en 2007 asumiu ademais en 2007 a concellería de Economía e Facenda.

-De 2003 a 2006 foi responsable do Centro Europeo de Información e Animación rural (Carrefour de Galicia), posto que tamén ocupou entre 1998 e 2000 e entre 1995 e 1998.

-Entre 2000 e 2003 foi alcaldesa do Concello de Ponteareas

-De 1999 a 2000 foi concelleira de Servizos Sociais do Concello de Ponteareas

-Desde 1998 e ata 2000 foi responsable do Centro Europeo de Información e Animación (Carrefour de Galicia)

-Entre xullo e decembro de 1998 foi deputada no Parlamento de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

SECRETARIO XERAL DE UNIVERSIDADES

José Alberto Díez de Castro

Naceu en Málaga en 1956. Profesor Titular de Universidade pertencente ao área de Organización de Empresas do Departamento de Organización de Empresas e Comercialización da Universidade de Santiago de Compostela.

Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Málaga en 1978. Doutor en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago en 1989. Imparte a súa docencia desde o ano 1984 na Universidade de Santiago e, desde 1995, no Campus de Lugo.

Foi concelleiro polo Partido Popular no concello de Lugo (2003-2007)

Na Universidade de Santiago de Compostela, director da Cátedra de Empresa Familiar (2005) e secretario do departamento de Organización de Empresas (1986-1989).

Vicedecano de Asuntos Económicos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago (1994-1997). Secretario da Sección Delegada da Facultade no campus de Lugo (1996-1998). Presidente da Sección Delegada da Facultade (2000-2002).

Decano-Comisario (2002-2004) da Facultade de Administración e Dirección de Empresas no campus de Lugo. Decano (2004-2008) Co-Presidente da Comisión de Redacción do anteproxecto de grao en Administración e Dirección de Empresas da Universidade de Santiago de Compostela.

Membro do Claustro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela polo sector de profesores (1994-1998; 1998-2002).

Membro do Claustro polo sector de profesores funcionarios (2002-2006; 2006-2010).

Presidente da Comisión Delegada do Claustro Universitario para Asuntos Económicos (período 1994-98).

Membro da Mesa do Claustro Universitario (1998-2002; 2002-2006; 2006-2010).

Membro da Comisión de Estatutos (2002-2006).

Membro da Comisión de Titulacións (2006-2010).

Ten 29 monografías, en calidade de autor, co-autor, ou colaborador;

O GOBERNO GALEGO APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO NO ENSINO PRIMARIO COA QUE PREVÉ CUBRIR UN TOTAL DE 753 PRAZAS NOS CORPOS DE MESTRES E INSPECTORES DE EDUCACIÓN

- *A oferta de emprego público reserva 740 prazas para o corpo de mestres e 13 para o de inspectores de educación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a oferta de emprego público para os corpos docentes da Educación Primaria no vindeiro curso escolar, que prevé cubrir un total de 740 prazas no corpo de mestres e 13 no de inspectores de educación.

A oferta de emprego público presentada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria foi confeccionada tendo en conta a planificación educativa e as prazas vacantes nos distintos corpos docentes e unha vez avaliadas as necesidades previstas para o vindeiro curso. Nese proceso coñeceuse que no presente curso se producirán un total de 500 xubilacións, que hai 57 prazas do corpo de mestres de novo cupo e, que, ademais, actualmente 641 prazas están sendo desempeñadas actualmente por interinos.

Coas 740 prazas do corpo de mestres, a OPE de Educación convoca as prazas de reposición, o novo cupo e o 28 por cento das prazas vacantes.

No corpo de mestres, a distribución de prazas convocadas por especialidades que se propón é a seguinte, tendo en conta que, de cada especialidade debe reservarse unha cota do 7% para cubrir con persas con discapacidade:

-Idioma estranxeiro (inglés):	85
-Idioma estranxeiro (francés):	30
-Educación primaria:	100
-Educación infantil:	260
-Pedagogía terapéutica:	60
-Audición e linguaxe:	55
-Música:	75
-Educación física:	75

No que respecta ao corpo de inspectores, dotado orzamentariamente con 95 prazas, hai 82 funcionarios de carreira, polo que se ofertan 13 vacantes existentes que, actualmente, están sendo cubertas en réxime de comisión de servizos. Educación considera que esas 13 prazas sexan cubertas definitivamente a través do proceso selectivo, posto que a función inspectora debe ser desempeñada por funcionarios de carreira do corpo correspondente, garantindo así en maior medida a imparcialidade e a obxectividade no seu labor.

A convocatoria de prazas en Secundaria, profesores técnicos de formación profesional, escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño, e profesores de música e artes escénicas, avaliarase unha vez que remate a implantación do novo sistema educativo na ESO e no bacharelato, que será no vindeiro curso, o que permitirá apreciar con maior precisión as necesidades futuras de profesorado nestes niveis de ensinanza.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

DIRECTORA DE ASISTENCIA SANITARIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

M^a Nieves Domínguez González

Nada en Ourense en 1968, licenciouse en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Posteriormente, especializouse en Medicina Familiar e Comunitaria en Plasencia (Cáceres), ademais de realizar os cursos de doutorado na Universidade de Salamanca, un Máster en Xestión de Institucións Sanitarias pola Universidade de Madrid. Tamén realizou un curso superior de Xestión de Servizos e Unidades Clínicas de Atención Primaria, diplomouse en sanidade pola Escuela Nacional de Sanidad e seguiu un Programa de Alta Dirección en Instituciones Sanitarias, IESE Universidad de Navarra.

Conta cunha dilatada experiencia profesional no eido da sanidade, que iniciou no Hospital Virgen del Puerto, Plasencia, localidade onde a continuación desempeñou o posto de coordinadora médica de Equipos de Atención Primaria de la Gerencia de Atención Primaria.

Entre 1998 e 2004 exerceu como directora médico de Atención Primaria da Xerencia A.P. de Coruña- Ferrol (Área da Coruña), entre novembro de 2004 e febreiro de 2005 desempeñou o cargo de subdirectora xeral de Atención Primaria do SERGAS, antes de asumir, ata outubro de 2005 a subdirección xeral de Calidade e Programas Asistenciais do SERGAS.

Desde 2005 é técnico de saúde da Xerencia de Atención Primaria da Coruña con praza en propiedade desde xuño de 2005, e, desde 2008, é médico de familia con praza en propiedade na Área Sanitaria de Ferrol (centro de saúde Fontenla Maristany B) desde outubro de 2008, praza que ocupa na actualidade.

Paralelamente, M^a Nieves Domínguez González vén desenvolvendo un intenso labor docente, impartindo multitude de cursos especializados, ao tempo que é autora dun importante número de publicacións e ponencias.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

SECRETARIA XERAL PARA O TURISMO

M^a Carmen Pardo López

É licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela. Conta cun Máster en Unión Europea e está cursando un doutorado en Turismo pola Universidade Antonio de Nebrija. Nesta materia, cursou un Posgrao de Márketing Turístico, na Universidad Politécnica de Valencia e un Curso Superior en Dirección e Xerencia hoteleira. Fala francés, inglés e portugués.

En marzo de 2009 foi elixida deputada autonómica. Como tenente de alcalde de Verín, exerceu de responsable das áreas de promoción económica, réxime interno, turismo, medio ambiente, comercio e Eurociudad.

Traballou como directora de recursos humanos en diferentes empresas hoteleiras e, entre 2001 e 2003, foi xefa de Gabinete do Secretario Xeral da Asociación Latinoamericana de Metros e Subterráneos.

Do 1998 a 1999 exerceu de asesora do Gabinete da Consellería de Agricultura, Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Previamente, de 1997 a 1998, traballou na Dirección Xeral de Turismo de Madrid, na área de Calidade e Desenvolvemento Tecnolóxico.

DIRECTOR XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

José Manuel Rey Pichel

Nacido en 1942, José Manuel Rey Pichel cursou estudos de Arquitectura na especialidade de Urbanismo na Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid.

Conta cunha ampla traxectoria como docente, exercendo como profesor na Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid, na Escola Universitaria de Arquitectos Técnicos da Coruña e na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña.

Tamén desempeñou diversos cargos na administración autonómica e local, sendo arquitecto no Ministerio de Vivienda na Coruña, co cargo de director de laboratorio do Instituto Nacional para la Calidad de la Edificación; xefe do servizo de proxectos e obras da Dirección Xeral de Vivenda da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (1985-1989); subdirector xeral de Urbanismo e Arquitectura (1989-

1990); e como director técnico de solo do Instituto Galego da Vivenda e Solo (1990-2005).

Tamén foi membro dos consellos de administración de Xestur Coruña (1992-2005) e de SIGALSA (1995-2002) e membro do comité nacional español de EUROPAN (1993-2005) en representación do IGVS.

Desde 2005 e ata a actualidade foi director xerente da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Santiago de Compostela (EMUVISSA)

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

DIRECTORA XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN

Ana María Dfáz López

Naceu en 1966, e é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, diplomada pola Escola de Práctica Xurídica do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. É funcionaria do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia e conta con diploma de Directivo.

-2005-2009: Xefa de Sección na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Coruña.

-2003-2005: Delegada Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Coruña.

-1998-2003: Xefa de Servizo Xurídico da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Coruña.

-1997: Xefa do Gabinete Xurídico da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Coruña.

-1993-1997: Posto Base Grupo A na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura de A Coruña.

-1993: Inspectora de turismo na Secretaría Xeral para o Turismo

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO PARA A REGULARIZACIÓN DE SUPERFICIES DE VIÑEDO NA COMUNIDADE GALEGA

- *Teñen a obriga de regularizar os viñedos os titulares de parcelas plantadas antes do 1 de setembro de 1998 sen dereito de replantación e cuxa produción só podía destinarse ás destilerías*
- *O decreto tamén fixa a contía da compensación de quen se acolla a este procedemento regularizador*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que establece o procedemento para a aplicación, na comunidade galega, da regularización obrigatoria das parcelas de vide plantadas antes do 1 de setembro de 1998 que non dispoñan do correspondente dereito de replantación. O decreto, que só se aplicará aos viñedos destinados á produción comercial de uva de vinificación, fixa, ademais, a contía da compensación de quen decida acollerse a este procedemento regularizador.

Segundo se establece no texto, teñen a obriga de regularizar a situación administrativa dos viñedos de uva de vinificación plantados de xeito irregular, todos aqueles viticultores que sexan titulares de parcelas plantadas antes do 1 de setembro de 1998 sen dereito de replantación e cuxa produción só podía ser posta en circulación con destino ás destilerías.

A compensación por hectárea de cultivo que pagarán todos os viticultoras que se acollan a este procedemento de regularización será do dobre do valor medio dos dereitos de replantación de viñedo, quedando determinado en 7.214 euros por hectárea para toda a comunidade.

Os interesados poderán presentar a súa solicitude de regularización nas oficinas agrarias comarcais, na oficina do rexistro único e información da Xunta de Galicia, en calquera das dependencias provinciais ou por calquera das formas previstas na lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O prazo de presentación remata o 30 de xuño de 2009.

Todas aquelas superficies de viñedo que non sexan regularizadas antes do 1 de xaneiro de 2010 deberán ser arrincadas pola persoa responsable da plantación ou, no seu defecto, polo propietario da parcela. De non cumprir este requisito, someteranse ao réxime sancionador previsto na Lei 24/2003 do 10 de xullo.

Proceso de regularización

Segundo establece o decreto, as parcelas de viñedo plantadas antes do 1 de setembro de 1998, sen un dereito de replantación cuxa produción só podía ser posta en circulación con destino a destilerías, continuarán sometidas a esta mesma obriga. De ser o caso, e ata que se efectúe o arrinque, os responsables das parcelas deberán

remitir, antes do final de cada campaña vitícola, as probas da destilación das súas producións aos servizos técnicos do departamento territorial correspondente da Consellería do Medio Rural. Así mesmo, a Consellería do Medio Rural establecerá os sistemas de control axeitados para evitar que se comercialicen as producións destas plantacións.

Durante a tramitación do procedemento de regularización, as uvas e produtos elaborados a partir das producións de plantacións irregulares de viñedo só poderán poñerse en circulación con destino á destilación que deberá ser realizada por empresas autorizadas. Os produtos resultantes non poderán utilizarse para elaboración dun alcol cun grao volumétrico adquirido igual ou inferior ao oitenta por cento.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A NOVA COMPOSICIÓN DA DIRECCIÓN DO IGAPE

- *Cinco conselleiros formarán parte da dirección deste organismo, o de Economía e Industria, Facenda, Traballo e Benestar, Medio Rural e Mar, ademais de dous secretarios xerais e un director*

O Consello da Xunta aprobou, na súa xuntanza desta mañá, o nomeamento dos novos membros do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Industria. Segundo o acordo autorizado hoxe polo Goberno galego, formarán parte do órgano de goberno deste organismo o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, a de Facenda, Marta Fernández Currás, a de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, o conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, e a conselleira do Mar, Rosa Quintana. Tamén se integrarán na dirección do Igape o secretario xeral da Presidencia, a secretaria xeral para o Turismo e o director xeral de Planificación e Fondos.

O regulamento do Igape establece que o Consello de Dirección, o órgano colexiado de goberno deste organismo, debe estar formado por un mínimo de cinco membros e un máximo de nove, tendo en conta a representación das consellerías competentes en materia de industria, comercio, agricultura, gandería, montes, pesca, marisqueo, acuicultura e promoción do emprego.

O GOBERNO GALEGO CONVOCA AXUDAS Á FORMACIÓN EN MATERIA DE PATRIMONIO MOBLE GALEGO E EN ARQUIVOS

O Consello da Xunta acordou hoxe as partidas económicas destinadas á convocatoria de bolsas de formación en materia de patrimonio moble galego e en materia de arquivos.

En virtude do acordo aprobado hoxe polo Goberno galego, destinarase un total de 120.000 euros a bolsas de formación en materia de patrimonio moble galego, que se distribuirán en dúas anualidades (2009 e 2010), de 60.000 euros cada unha.

Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia destinará 192.000 euros ás bolsas de formación en materia de arquivos, correspondendo 96.000 euros á convocatoria do ano 2009 e outros 96.000 euros á do vindeiro ano.

O GOBERNO GALEGO INVISTE CASE 700.000 EUROS NA CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DO MOSTEIRO DE MELÓN, OURENSE

- *Esta intervención enmárcase dentro da liña de actuación do Goberno galego en materia de conservación, protección e posta en valor do patrimonio cultural de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Melón, en Ourense, para a execución das obras de consolidación do Mosteiro de Melón, nas que a Xunta investirá case 700.000 euros. Esta intervención enmárcase dentro da liña de actuación do Goberno galego en materia de conservación, protección e posta en valor do patrimonio cultural de Galicia.

O importe total da actuación no Mosteiro de Melón é de 1.640.000 euros, xa que aos 693.000 aportados polo Goberno galego, hai que sumar os case 950.000 que achega o Ministerio de Fomento. Segundo o recollido no texto do convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, o Concello comprométese a poñer á disposición da Consellería os terreos afectados, a tramitar e costear as licenzas preceptivas e a asumir a explotación, mantemento e conservación posterior das obras.

A CONSELLEIRA DE FACENDA COMPARECERÁ NO PARLAMENTO PARA DAR INFORMACIÓN DO CONTIDO DO INFORME DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- *No texto salientase que o bipartito elaborou unhas contas baseadas en previsións electoralistas e non reais, tanto en crecemento do PIB (+ 1,3 por cento), como na evolución do mercado de traballo (prevendo que non habería destrución de empregos).*
- *Nunha primeira análise, estímase unha redución sobre os ingresos inicialmente orzamentados de polo menos 600 millóns de euros*

A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, informou hoxe, no Consello da Xunta, da primeira entrega do informe de situación económico financeira da Comunidade Autónoma. Trátase dun informe inicial elaborado cos datos dispoñibles nesta primeira quincena que será ampliado nas vindeiras semanas, a medida que os datos se vaian analizando con máis detalle. A conselleira de Facenda comparecerá no Parlamento para dar conta do contido de dito informe.

A primeira conclusión que podemos extraer da información achegada hoxe pola conselleira de Facenda é que non se cumpre ningunha das previsións macroeconómicas recollidas nos orzamentos elaborados polo bipartito. No texto salientase que o anterior Goberno elaborou unhas contas baseadas en previsións electoralistas e non reais, tanto en crecemento do PIB (+ 1,3 por cento), como na evolución do mercado de traballo (prevendo que non habería destrución de empregos).

Segundo as estimacións realizadas polo IGE, a economía galega retrocedrá un 2,5% neste exercicio, e dicir, a nosa economía sufrirá unha contracción de dous puntos e medio e cando segundo o bipartito se supoñía que ía medrar a un ritmo do 1,3%, o que supón un erro de case 4 puntos.

O mesmo ocorre coa previsión de evolución do emprego. Os orzamentos contemplan un escenario de mantemento do nivel de emprego e, so ata o 30 de abril (nos primeiros catro meses do ano) o paro rexistrado incrementouse en 20.759 persoas e, nese mesmo período, a afiliación á seguridade social descendeu en 11.302 persoas e, todas as previsións apuntan a que esta tendencia á alza de desemprego e á baixa da afiliación á Seguridade Social vaise acusar aínda máis nos vindeiros meses.

PREVISIÓNS	ORZAMENTO 2009	REALIDADE
Crecemento económico	+ 1,3%	- 2,5%
Postos de Traballo	Mantemento emprego	<u>Ata 30 de abril:</u> <ul style="list-style-type: none">▪ 20.759 parados máis▪ 11.302 afiliados menos á S.S.

A titular deste departamento autonómico informou que, nunha primeira análise realizada pola Consellería de Facenda, estímase unha redución sobre os ingresos inicialmente orzamentados de polo menos 600 millóns de euros; é dicir, o actual orzamento presenta un burato de máis de 100.000 millóns de pesetas pola banda dos ingresos.

Unha orzamentación demasiado optimista, cando xa a tendencia era dun claro empeoramento do cadro macroeconómico derivada da crise económica, fai que sexa necesario replantexar as previsións de ingresos para este exercicio e tomar medidas na dirección de reorientar os orzamentos para 2009.

A cifra de cando menos 600 millóns de euros non é definitiva e podería incrementarse en función da evolución da economía e en función dos ingresos efectivos que se deriven dos Fondos Europeos, sobre os que pesa neste momento unha notable incerteza. Deste desaxuste, polo menos 235 millóns de euros procederían da baixada na recadación dos tributos e outros 355 millóns de euros da diminución das transferencias correntes, entre elas os 273 millóns do anticipo a conta que o Estado non ten intención algunha de transferir, como tampouco fixo no exercicio anterior.

Por último, no informe detállase unha breve avaliación da execución orzamentaria do exercicio 2008, que conclúe que no ano que se iniciou a grave crise económica, no momento en que era máis necesaria o fomento do investimento público para contrarrestar os efectos da crise, atopámonos cun nivel de execución orzamentaria que, que no que se refire aos investimentos (capítulo VI e VII) rolda o 75%, e dicir, a cuarta parte do presuposto do investimento da Xunta de Galicia quedou sen gastar pola deficiente xestión do bipartito.